



UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Vicerrectorado de Ordenación Académica
e Titulacións

Colexio de San Xerome
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 582 499 • Fax 981 577 418



Sra. Secretaria do
Consello Social
Universidade de Santiago de Compostela

Estase a observar que no caso de alumnos que realizan as prácticas en empresas en dous períodos distintos, poden chegar a perder 1 crédito no recoñecemento das ditas prácticas se se certifican esos períodos de forma independente debido ás horas non certificadas en cada un dos períodos por non chegar a completar 1 crédito.

Cremos que este problema ten fácil solución se na segunda certificación que se expide se inclúen as horas non certificadas na primeira, facendo constar que a inclusión se debe á realización das prácticas en períodos distintos, co seguinte texto:

"a presente certificación inclúe as horas non incluídas na certificación do primeiro período de prácticas."

Rógolle que, de considerar acertada esta solución e co fin de que os alumnos obteñan o recoñecemento completo das prácticas realizadas, expídanse os certificados seguindo estas indicacións.

Santiago de Compostela 26 de outubro de 2000

O VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA
E TITULACIONES


Celso Rodríguez Fernández.